

BOLSA DE AUXILARES ADMINISTRATIVOS

ANUNCIO

Resolución de reclamacións.

Unha vez finalizado o prazo para presentar reclamacións, recíbense en prazo as seguintes:

ASPIRANTE	RECLAMACION
***26477Y	Revisar a resposta a pregunta 32, que foi deixada en branco
***67392 D	Erro na letra do DNI
***75343 N	Anulación da pregunta 17 por dar una resposta que no se axusta ao art. 15.3 do RD 2/2004.
***15793V	Anulación da pregunta 11
***03674R	Anulación da pregunta 5, 13 e modificación da resposta na pregunta 17

O tribunal constata e resolve as reclamacións presentadas como segue:

A revisión do exame de ****6477 Y sobre que a pregunta 32 está en branco, o tribunal revisa o exame e verifica que efectivamente a pregunta 32 foi contestada en branco, polo que nin suma nin resta na puntuación. Polo tanto, o tribunal revisa o exame e determina que a pregunta 32 do citado reclamante está en branco.

A revisión do anuncio da puntuación da nota de ***7392 D se verifica polo tribunal que existe un erro na letra publicada do DNI, que se publicou a letra A cando debe ser a letra D don DNI ***7392 D. Polo tanto, o tribunal acorda corrixir a letra do DNI.

A revisión da pregunta 17. O reclamante sinala que o tribunal deu por correcta a pregunta C) pero, o artigo 15.3 do RD 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais: “ a potestade regulamentaria se exercerá nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais ou ben, mediante a aprobación de Ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.” En base a redacción deste artigo, sinal o reclamante que en ningún caso, podería ser válida a opción c) xa que a opción A) fai referencia a Ordenanzas xerais e non a ordenanzas fiscais, especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección ou recadación dos tributos locais, tal e como expón o artigo 15.3.

O tribunal considera que a pregunta fai referencia, aínda que no se menciona expresamente ao artigo 106.2 da lei 7/1985, reguladoras das bases de réxime local que dispón que: “A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria se exercerá a través de ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección.”

Polo anterior en base ao artigo 106.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local se desestima a reclamación presentada polo reclamante ****5343 N.

A revisión da pregunta 11. O reclamante sinala que se ben na regulación anterior ao ROF os rogos e preguntas soamente se podían formular nas sesións ordinarias, na actualidade nada impide que poidan facerse nas extraordinarias, incluso admitíndose que a súa única materia sexa precisamente os rogos e preguntas. Agora ben, debe xustificarse a súa celebración pola importancia das cuestións a tratar ou, no seu caso, pola urxencia para coñecer delas.

O tribunal considera que o artigo 82.4 do RD 2568/1986 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que na orde do día das sesións ordinarias se incluíra sempre o punto de rogos e preguntas. Ao non existir un artigo na normativa actualmente que prohiba os rogos e preguntas nos plenos extraordinarios, aínda que a regra xeral, é que este punto do orde de día soamente está regulado para os plenos ordinarios, tampouco se pode dicir que categoricamente “ NUNCA” que se poden incluír nos plenos extraordinarios. Polo que ante a ambigüidade da pregunta, sen mencionar a lexislación aplicable, o tribunal estima a alegación presentada, e procede a anular a pregunta 11 do test, a substituíla pola pregunta nº 1 de reserva.

A revisión da pregunta 5. O reclamante considera que en base á redacción do artigo 50, apartado a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, debe anularse a pregunta xa que ningunha das respostas é correcta porque só se indica desde a publicación e non a partir do día seguinte á publicación.

O tribunal considera que a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 30.3, establece con carácter xeral, e aplicable ao cómputo de calquera prazo sinalado por días que: “ los plazos expresados en días se contarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate...”, polo que, se manifeste ou non expresamente esta determinación ao dar o prazo, pola normativa xeral do procedemento administrativo así debe ser entendido.

A revisión da pregunta 13. O reclamante indica que, segundo o artigo 23.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local: “1. La Junta de Gobierno Local se integra por el Alcalde y un número de Concejales no superior al tercio del número legal de los mismos, nombrados y separados libremente por aquél, dando cuenta al Pleno”, debe anularse esta pregunta xa que ningunha das respostas é correcta.

O tribunal considera que a resposta b) pode dar lugar a confusión por non especificar o contido estricto da normativa aplicable, polo que, o tribunal estima a alegación presentada polo reclamante ***03674R, e procede a anular a pregunta 13 do test, e substituíla pola pregunta nº2 de reserva.

PUNTUACIÓN DEFINITIVA

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, éstas afectan a anulación da pregunta 11 e a 13 e a súa substitución polas preguntas de reserva 1 e 2.

Efectúase a corrección do primeiro exercicio de acordo o exposto, obtendo as puntuacións definitivas seguintes:

DNI	NOTA
***35.680 D	6,15
***88.047 K	5,9
***10.998 A	7,65
***06.993 B	7,05
***64.953 H	5,55
***26.477 Y	7,70
***47.371 Q	7,05
***26.215 C	5,8
***23.314 W	7,75
***76.731 C	6,6
***03.674 R	5,65
***51.120 P	6,25
***56.676 D	5,8
***17.156 R	6,3
***30.876 N	5,4
***27.761 W	5,75
***11.463 N	5,35
***20.802 D	6,60
***75.343 N	7,15
***67.392 D	6,25
***34.616 T	7,20
***84.552K	8,30
***18.199Q	5,25

Muxía, 1 de Setembro de 2020.

A Secretaria do Tribunal.